

ARTIGO DE OPINIÓN

Somos docentes, non burócratas.

As administracións educativas, desde hai xa décadas, tomaron unha deriva burocrática que fai que en moitas ocasións cheguemos a cuestionarnos que tipo de educación estamos a darlle ao noso alumnado, si realmente os estamos a preparar para afrontar os desafíos que un mundo laboral tan competitivo e cada vez máis dixitalizado lles vai esixir, ou simplemente somos un oficinista máis na engranaxe do noso centro educativo.

“Se non se rexistra, non ocorre”, parece que o único que importa é que se vexa reflexado nun documento. Un exceso de papeis, aplicacións, formularios, planillas, trámites, actas, documentos, comunicados, proxectos curriculares, de innovación, educativos...que como xa dixen, fan que vaiamos incrementando o tempo que os docentes adicamos “ós papeis” e procesos administrativos co fin de asegurar unha falsa calidade educativa que transparente o labor docente en detrimento dun bo labor educativo, como si iso fose preciso!

Os docentes debemos cumprimentar e desenvolver ao longo de todo un curso unha inxente cantidade de documentos administrativos que detraen do tempo da atención directa ao alumnado, a preparación específica das clases e aos proxectos innovadores, sen que o docente teña constancia da súa utilidade para mellorar a calidade do proceso educativo.

Nós **queremos dar clase**, e atender o mellor posible ós nosos alumnos/as e non pasar “media vida” xestionando e revisando documentos do que deben e debemos facer. Cantas veces se cubren só con fins estadísticos, cantas veces enchemos cuestionarios, formularios, planillas que ninguen le nin supervisa!. Todo o que se fai ao redor da aula debe ser controlado pero, a maior parte das veces non se leva a cabo co fin de mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe senón cun afán fiscalizador que nada aporta a un ensino de calidade.

A deriva burocrática na que caeu a educación convértese nun problema que ameaza ser irresoluble, que ten empeñadas ás administracións educativas en transformar os docentes en oficinistas e administrativos que xeren inxentes cantidades de datos que aproveitan para presentar estadísticas coas que poder demostrar mediante gráficos, diagramas, pictogramas, documentos, dossiers... a efectividade da súa xestión e que a nós, como docentes, nada nos aporta na nosa capacidade de transmitir coñecementos e valores que é a tarefa que a sociedade nos encomendou, facéndonos caer na impotencia e no desalento de vernos día tras día máis sobrecargados e menos valorados, sabendo que diso non depende o éxito ou fracaso educativo do noso alumnado.

Na escola burocrática, o procedemento é un fin en si mesmo. O bo docente xa non é o que ben sabe ou ben ensina, é o que mellor cumpre o proceso administrativo establecido. **QUE MÁGOA!!**

Debemos rematar XA esta “pandemia burocrática”, analizando as razóns polas que o sistema educativo naufragou neste mar de documentos e impresos alcanzando as desproporcionadas dimensións que sepultan aos docentes nun sinsentido de xestións e tramitacións que o apartan da fin educadora que a sociedade lle outorgou.

Precisamos, con urxencia un cambio radical das nosas administracións que nos garantan que a nosa función principal é a docencia, deixando as tarefas administrativas para persoal especializado nesas funcións.

É imprescindible que non vexamos cercenada o noso insustituible labor de ensinar, co aumento imparable de tediosas tarefas administrativas que constitúen a máis prexudicial agresión que se lle pode facer ao sistema educativo.

Gustaríame rematar cunha frase de Carlos Castillo Peraza, escritor e periodista, que dicía:

“A burocracia é a arte de converter o fácil en difícil por medio do inútil”.

JULIO DÍAZ ESCOLANTE, presidente de ANPE Galicia

